



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **30 de agosto de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2018. EXPTE. 7419/335.

Visto o informe xurídico do 24/07/18 e o informe de fiscalización do 09/08/18, dáse conta do informe-proposta do 24/07/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 14 de xuño de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” para o ano 2018.

O programa “Vente con Nós” desenvolve un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo, no que participan vinte grupos de música, danza e canto tradicionais galegos e cinco grupos de teatro, todos eles pertencentes a entidades federadas á Agrupación de Centros deportivos e culturais.

O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais (entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 386-85). A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 1 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios similares de colaboración coa finalidade de fomentar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (cabalgata, entroido, etc).

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, polo importe de 13.500,00 euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa “Vente con Nós”.

O importe do programa “Vente con Nós” ascende a 19.460,00 euros, sendo os gastos de administración e dirección técnica 5.000,00 euros e correspondendo 14.460,00 euros ás corenta e cinco actuacións de grupos de música, danza e teatro. Achégase ao expediente o orzamento de gastos e ingresos.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, CIF B-36.791.291, para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2018.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0010 (Convenio Agrupación de centros culturais – Vente con Nós) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 2 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS” 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don ROBERTO GIRALDEZ BARBEITOS con D.N.I. 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo, C.I.F. G-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 6885/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O programa “Vente con Nós” foi creado e rexistrado pola Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo no ano 2001, co fin de desenvolver un circuíto de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver o programa “Vente con Nós” cuns ressaltados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais ten entre os seus fins estatutarios

“Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades”;

“Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins”;

“Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación.”

IV.- No ámbito das súas competencias, o Concello ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 3 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 13.500,00 (trece mil cincocentos) euros, a favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais para a organización do programa “Vente con Nós”.

IX.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais do Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 7419/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa o devandito programa da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, o CONCELO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros deportivos e culturais comprométese ao desenvolvemento dos programas “**Vente con Nós**” e “**Semana do Teatro afeccionado**”, que acollen un ciclo de actuacións de música, canto e danza tradicionais e a Semana de Teatro Afeccionado, respectivamente, asumindo as seguintes obrigas:

1º- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

- Participarán 20 grupos artísticos de música e danza tradicional e 5 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.
- O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 40 (corenta), dúas actuacións por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:
 - 10 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
 - 15 actuacións Día Internacional da Danza.
 - 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

En canto á Semana de Teatro afeccionado, é de 5 (cinco) actuacións de teatro, unha actuación por entidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 4 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (17 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (3 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 11.960,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (640,00 euros por grupo, correspondente a dúas actuacións)

- Grupo de Baile “Andarela”
- Grupo de Baile “Asubío”
- Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”
- Grupo de Baile: C.S.C.R de “Beade”
- Grupo de Baile “C.C.R. Cabral”
- Grupo de Baile “A.F. Corisco”
- Grupo de Baile “CRAC de Coruxo - A Buxaina”
- Grupo de Baile “Frores Novas
- Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
- Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
- Grupo de Baile: A.C. “O Coto”
- Grupo de Baile: A.F. “Queixumes”
- Grupo de Baile “Os ventos de Comesaña”
- Grupo de Baile “Traspés”
- Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”
- Grupo de Baile “O Fiadeiro”.
- Grupo de Baile “A. Monteiro”

CATEGORIA B: (360,00 euros por grupo (correspondente a dúas actuacións)

- Grupo de Gaitas “CCA Rueiro de Coia”
- Grupo de Gaitas “A.X. de Tempo Libre Vagalume”
- Grupo de Gaitas “S.C. Pardavila”

Establécese un importe por actuación dos **grupos de teatro** de 500,00 euros, sendo o importe total dos grupos de teatro de 2.500,00 euros.

- Grupo de Teatro “Tarantela Beade”
- Grupo de Teatro “S.C.R. Atlántida de Matamá”
- Grupo Teatro Escoltade
- Grupo Porta Aberta Teatro.
- Grupo de Teatro “Rueiro”

d) Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.460,00 euros, 14.460,00 euros correspondentes ás corenta actuacións de grupos e ás cinco actuacións de teatro e 5.000,00 aos gastos de administración e dirección técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 5 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello ten previsto unha achega de 13.500,00 euros co cargo á aplicación 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha achega de 5.960,00 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.

2º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 032074292 con Allianz compañía de seguros y reaseguros SA, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que consta no expediente.

3º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

4º.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

6º- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel material que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garantan os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.

2º- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 6 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Se a data estivese dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello, entendéndose aceptada a actuación. No caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola Agrupación a notificar e acreditar, no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do Concello non será aboada con cargo a este convenio.

3º- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4º- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa Agrupación.

5º- Conceder directamente á Agrupación de Centros deportivos e culturais Concello de Vigo, unha subvención por importe de 13.500,00 euros, co obxecto de coadruar ao desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2018. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES27.2100.5912.4802.0002.1010, da entidade bancaria La Caixa, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Décimo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 7 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 8 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 9 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Vixésimo terceiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Ley 39/2015, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

JRB/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:49	Páxina 10 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A9A645-ECC955-AA4A49-8WH37K-F2NET6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		